



TEXTOS DIALOGAIS

O diálogo é o modo de relación social espontáneo máis común. Consiste na creación dun texto por medio de dous ou máis interlocutores que, durante o seu desenvolvemento, van alternando os seus roles: os emisores pasan a receptores e viceversa.

Nun texto dialogal a canle de transmisión máis habitual é a oral-auditiva, polo que cumpre todas as características da lingua oral e os trazos da comunicación presencial. Sen embargo, existe a posibilidade do diálogo non presencial (conversa telefónica) ou por medio da canle escrita (chat). Neste tipo de textos organizábase o tempo seguindo a estrutura de réplicas (cada participante fala na súa quenda de forma alternativa) Son textos efémeros e se presentan como textos abertos, sen unha elaboración definitiva nin concluída.

A nivel lingüístico destaca a importancia da linguaxe non verbal: elementos paralingüísticos (volume, silencio, ton, ritmo...) e extralingüísticos (movementos, posturas, miradas...). Continúas referencias ao contexto extralingüístico, por medio de deícticos, en relación co marco espazo-temporal (adverbios, verbos, conectores). Predominio da 1ª e 2ª persoas gramaticais, referidas ao emisor e receptor. Emprego das tres modalidades oracionais: enunciativa, interrogativa e exclamativa. Importante uso de interxeccións, pronomes interrogativos e exclamativos.

TIPOS DE TEXTOS DIALOGAIS:

Conversa É o diálogo informal e espontáneo entre dúas ou máis persoas. Normalmente os interlocutores comparten contexto físico, pero, nun chat ou nunha conversa telefónica non é así...

Entrevista Diálogo no que o entrevistador pretende acadar información do entrevistado. Pode ser na consulta do médico, nun medio de comunicación...

Enquisa Preténdese obter unha serie de datos sobre un tema concreto preguntándolles a varios interlocutores representativos dun sector social por idade, sexo, estudos... A diferenza da entrevista, as súas respostas adoitan ser pechadas.

Mesa redonda Un grupo de persoas mostra a súa opinión sobre un tema ante un auditorio. As ideas non teñen que ser obrigatoriamente opostas.

Debate Un grupo de interlocutores discute ante un auditorio un tema sobre o cal presentan ideas diverxentes. Igual que na mesa redonda aparece a figura do moderador, que organiza quendas de intervención e propón novos temas.

Rolda de prensa Presentación dun personaxe ante os medios de comunicación para que os seus responsables lle fagan as preguntas pertinentes. O interrogatorio O interrogador réalízalle unha serie de preguntas ao interrogado coa finalidade de esclarecer ou comprender uns feitos.